

A oitava edición de WOS Festival x SON Estrella Galicia celebrarase en 2025

O evento, referente da cultura de vangarda a nivel estatal, fai una pausa este 2024 para repensar o proxecto e explorar novos formatos, escenarios e sinerxias

Santiago de Compostela, a 17 de xullo de 2024.- A próxima edición de WOS Festival x SON Estrella Galicia celebrarase no ano 2025. O evento, referente da cultura de vangarda a nivel estatal, fai unha pausa este 2024 para poder repensar WOS en todas as súas dimensións e explorar así novos formatos, escenarios e sinerxias para a súa oitava edición.

A dirección de WOS Festival, recoñecido como o **Mellor Festival Indoor de Europa 2018** nos European Festival Awards e **Mellor Festival Indoor Nacional 2023** nos Iberian Festival Awards, tomou a decisión de pospoñer a celebración da nova edición do evento, prevista para este mes de setembro, **para que o proxecto presente a calidade que desexa e que, considera, o público merece.**

O aumento dos custos de produción dos eventos musicais así como a redución dos prazos de planificación dos mesmos impiden que o proxecto cultural, merecedor tamén do galardón **Mellor Promoción Turística 2019** nos Iberian Festival Awards, poida desenvolverse en condicións óptimas -para asistentes, profesionais e equipo- e ofrecer unha proposta programática multidisciplinar de notable calidade artística, tal e como é habitual na iniciativa promovida pola produtora compostelá WORK ON SUNDAY.

Na súa última edición, WOS Festival x SON Estrella Galicia programou, na cidade de Santiago de Compostela, 28 espectáculos -3 deles, estreas mundiais- ao longo de catro xornadas de intensa actividade. Nelas, 3.430 persoas -entre asistentes e público profesional- puideron participar, alén da programación musical, en mesas de debate, proxeccións, talleres e eventos de traballo en rede. **Figuras internacionais de primeiro nivel** como Actress, Laurel Halo ou Midori Takada visitaron o pasado mes de setembro a capital galega para presentar os seus novos directos en espazos de alto valor patrimonial da cidade.

A dirección de WOS Festival quere agradecer tanto ao seu patrocinador principal **SON Estrella Galicia** como a **Xunta de Galicia, Concello de Santiago de Compostela e Deputación Principal da Coruña** -principais institucións públicas colaboradoras do evento- que mostrasen a súa vontade á hora de apoiar a



WORK ON SUNDAY
SON ESTRELLA GALICIA

celebración do festival en 2025. Con todo, WOS quere trasladar un **agradecemento moi especial ao público** que acompañou ao festival desde o seu nacemento e que esperaba con interese a chegada de setembro cunha mensaxe clara e esperanzadora: **"Volveremos vernos, con máis ganas se cabe, moi pronto"**.

Sala de prensa

<https://bit.ly/4cEyAsH>

Contacto de prensa

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

prensa@theofficeco.es